Padrón

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6 DE ABRIL DE 2017

**Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

**Concelleiras e concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

**Concelleiras e concelleiros ausentes:**

Don Andrés Sanmarco Santos.

**Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

**Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día seis de abril de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnense as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

## ORDE DO DÍA

## 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 23 DE MARZO DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e tres de marzo de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

## 2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "CAMIÑO RÍO SAR-EXTRAMUNDI", EXPTE. 07/2016-OB-PNSP, INCLUÍDO NO POS 2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de abril de 2017:

**<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por Acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xuño do 2016, aprobouse o expediente administrativo de contratación da obra "Camiño rio Sar-Extramundi", por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, expte. número 07/2016-OB-PNSP, obra incluída no POS 2016.

Segundo. No mesmo acordo ordénase publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do

contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal ou www.contratosdegalicia.gal) resultando insertado o 23 de xuño de 2016.

Terceiro. Durante o prazo de oito (8) días naturais outorgado para a presentación das ofertas, que rematou o 1 de xullo do 2016, presentáronse un total de 12.

Cuarto. O 10 de agosto de 2016 procédese á apertura dos Sobre A e dos Sobres B e seguidamente solicítase informe ao arquitecto técnico don Jesús Baliña de Jesús sobre a valoración das referencias técnicas, o cal resulta emitido o 11 de novembro do 2017 e posteriormente correxido o 2 de xaneiro do 2017.

Quinto. O 2 de xaneiro de 2017 procédese á apertura dos sobres C e á valoración do conxunto das ofertas e ábrese unha rolda de negociación coas persoas licitadoras. Para elo o 5 de xaneiro do 2017 remíteselles información sobre a posición de cada unha na escala de valoracións e as puntuacións parciais e totais obtidas por todas (ocultando a identidade das mesmas) e invitándoas a presentar unha segunda oferta, nun prazo non superior a 48 horas, en relación exclusivamente aos aspectos que poden ser mellorados, é dicir: oferta económica.

Sexto. Rematado o prazo anterior presentáronse un total de 4 ofertas melloradas e o 17 de xaneiro de 2017, o órgano encargado da negociación, procede á valoración destas e á formulación dunha nova escala de valoracións ordenada de xeito decrecente.

Sétimo. O 17 de xaneiro do 2017 requírese ás empresas Brisa Excavaciones, Obras y Servicios, SL, Obras y Viales de Galicia, SL, e Construcciones Iglesias Mera, SL, para que xustifiquen o valor desproporcionado ou anormal das súas ofertas. De acordo co informe técnico emitido o 23 de febreiro do 2017 non se consideran xustificadas as baixas das súas ofertas.

Oitavo. O 24 de febreiro do 2017 o órgano colexiado encargado de realizar a negociación para a adxudicación do contrato acorda excluír do procedemento de contratación ás empresas sinaladas no parágrafo anterior e outorgar as puntuacións ao resto das empresas admitidas no procedemento.

Noveno. O 24 de febreiro do 2017 requírese a NEMESIO ORDÓÑEZ, SA, para que presente a documentación relacionada na cláusula 16.2 do prego de administrativas e 151.2 do TRLCSP. Esta resulta presentada o 17 de marzo e compróbase o 3 de abril que é correcta.

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Vistos os criterios recollidos no Anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación e as propostas formuladas o 17 de xaneiro e 24 de febreiro de 2017 de valoración das ofertas presentadas e de adxudicación a favor da que obtivo unha maior puntuación.

Segundo. Considerando que o artigo 151.3 da Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP) recolle que "*o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación*", referíndose con elo aos certificados de estar ao corrente das débedas tributarias e das obrigas coa seguridade social e á garantía definitiva.

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

**Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro**. Declarar admitidas a todas as persoas licitadoras que participaron no procedemento de

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

contratación 07/2016-OB-PNSP, a saber:

1. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL.
2. BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SL.
3. EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL.
4. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL.
5. EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.
6. TARRÍO Y SUÁREZ, SL.
7. EXCAVACIONES OVIDIO, SL.
8. NEMESIO ORDÓÑEZ, SA.
9. CANARGA CONSTRUCCIONES, SL.
10. HORDESCON, SL.
11. CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.
12. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL.

**Segundo**. De acordo co informe técnico emitido o 23 de febreiro de 2017, non entender xustificados os valores desproporcionados ou anormais incluídos nas ofertas presentadas polas seguintes licitadoras e, en consecuencia, excluílas da clasificación tal e como establece o artigo 152.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP):

- CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL
- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL.
- BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SL.

**Terceiro**. Outorgar as seguintes puntuacións totais e parciais ás persoas licitadoras admitidas no procedemento e cuxas ofertas non foron excluídas por conter valores anormais ou desproporcionados non xustificados e ordenalas de xeito decrecente en función da puntuación obtida segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 12.2 e 3 e Anexo V do prego de administrativas que rexen esta contratación:

| **1º NEMESIO ORDÓÑEZ, SA** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 09/01/2017 | | 135 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 15,00 | | 15,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 21% | 8,00 | | 8,00 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+4% | 12,00 | | 12,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € | | 150.440,00 € | 1,89 | 124.408,96 € | 6,67 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| IVE incluído. | | | | |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | 2% // 12,50% | | | |
| | **TOTAL 1ª OF.** | **64,89** | **TOTAL 2ª OF.** | **69,67** |

| **2º MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 01/07/2016 | | 5.835 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 15,00 | | 15,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 12% | 4,57 | | 4,57 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+4% | 12,00 | | 12,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 136.785,14 € | 5,26 | 136.785,14 € | 4,57 |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | | 0% // 0% | | | |
| | | **TOTAL 1ª OF.** | **64,83** | **TOTAL 2ª OF.** | **64,14** |

| **3º CANARGA CONSTRUCCIONES, SL** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 05/07/2016 | | 6.002 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 15,00 | | 15,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 7% | 2,67 | | 2,67 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+4% | 12,00 | | 12,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 134.180,00 € | 5,60 | 134.180,00 € | 5,14 |

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | 0% // 0% | | | |
| | **TOTAL 1ª OF.** | **63,27** | **TOTAL 2ª OF.** | **62,81** |

| **4º HORDESCON, SL** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 05/07/2016 | | 6.003 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 15,00 | | 15,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 3% | 1,14 | | 1,14 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+4% | 12,00 | | 12,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 128.355,46 € | 6,36 | 128.355,46 € | 6,23 |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | | 0% // 0% | | | |
| | | **TOTAL 1ª OF.** | **62,50** | **TOTAL 2ª OF.** | **62,37** |

| **5º TARRÍO Y SUÁREZ, SL** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 09/01/2017 | | 136 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 18,00 | | 18,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 2% | 0,76 | | 0,76 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+4% | 12,00 | | 12,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 146.157,05 € | 2,97 | 146.157,05 € | 2,54 |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con | | 0% // 0% | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | | | | |
| | **TOTAL 1ª OF.** | **59,73** | **TOTAL 2ª OF.** | **59,30** |

| **6º EXCAVACIONES OVIDIO, SL** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 05/07/2016 | | 5.968 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 15,00 | | 15,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 6% | 2,29 | | 2,29 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+4% | 12,00 | | 12,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 157.759,36 € | 0,03 | 157.759,36 € | 0,02 |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | | 0% // 0% | | | |
| | | **TOTAL 1ª OF.** | **57,32** | **TOTAL 2ª OF.** | **57,31** |

| **7º EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 01/07/2016 | | 5.866 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 5,60% | 2,13 | | 2,13 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+4% | 12,00 | | 12,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 149.435,00 € | 2,14 | 149.435,00 € | 1,83 |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | | 8,33% // 0% | | | |

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **TOTAL 1ª OF.** | **52,27** | **TOTAL 2ª OF.** | **51,96** |

| **8º EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 04/07/2016 | | 5.954 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 5% | 1,90 | | 1,90 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+3% | 9,00 | | 9,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 138.758,38 € | 4,86 | 138.758,38 € | 4,15 |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | | 0% // 0% | | | |
| | | **TOTAL 1ª OF.** | **51,76** | **TOTAL 2ª OF.** | **51,05** |

| **9º OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| DATA DE PRESENTACIÓN | | NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA | | | |
| 04/07/2016 | | 5.898 | | | |
| **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** | | **1ª OFERTA** | | **2ª OFERTA** | |
| | | OFERTA | PUNTOS | OFERTA | PUNTOS |
| A) Programa de traballo (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p). | | | 10,00 | | 10,00 |
| C) Plan de control de calidade (max. 20 p). | | | 8,00 | | 8,00 |
| D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p). | | | 6,00 | | 6,00 |
| E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p). | a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p). | 3% | 1,14 | | 1,14 |
| | b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p). | 1%+1% | 3,00 | | 3,00 |
| G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 157.859,37 € IVE incluído. | | 126.250,00 € | 6,63 | 126.250,00 € | 6,51 |
| Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade. | | 0% // 0% | | | |
| | | **TOTAL 1ª OF.** | **44,77** | **TOTAL 2ª OF.** | **44,65** |

**Cuarto.** Adxudicar o contrato de execución da obra "Camiño rio Sar-Extramundi" a NEMESIO ORDÓÑEZ, SA, con código de identificación fiscal número A-15.146.608, ao tratarse da licitadora que obtivo unha maior puntuación no procedemento e cuxa oferta reúne as condicións para poder ser aceptada, nas seguintes condicións:

- Porcentaxe de control interno de calidade = 21,00%.
- Porcentaxe de control externo de calidade = 1%+4%.
- Prezo:
    a) Prezo sen IVE: cento dous mil oitocentos dezasete euros con trinta e dous céntimos (102.817,32 €).
    b) IVE (21%): vinte e un mil cincocentos noventa e un euros con sesenta e catro céntimos (21.591,64 €).
    c) Prezo con IVE (a+b): cento vinte e catro mil catrocentos oito euros con noventa e seis céntimos (124.408,96 €).

**Quinto.** Citar ao representante da empresa adxudicataria para a sinatura do documento administrativo de formalización do contrato ás 13:00 horas do 7 de abril do 2017, na Casa do Concello de Padrón.

**Sexto.** Nomear director facultativo e coordinador da seguridade e saúde da obra, durante o tempo que dure a súa execución e ata a súa liquidación final unha vez tanscorrido o prazo de garantía, ao enxeñeiro de camiños de Estudio Técnico Gallego, SA, don Julio César Rojo Martínez, número de colexiado 3.871.

**Sétimo.** Designar, de acordo ao establecido na cláusula 29 do prego de administrativas, á seguinte empresa para realizar o control de calidade externo a costa do contratista por un importe máximo de 5.481,61 €, esto é, o 5% do orzamento de execución material do proxecto aprobado (109.632,18 €): EUROTEC INSPECCIÓN, SLU.

**Oitavo.** Ordenar a publicación do correspondente anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.padron.gal e www.contratosdegalicia.gal) e notificar o presente acordo a todos as licitadoras participantes e ás nomeadas nos dous apartados anteriores, coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Noveno.** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención-Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

## 3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE MURO EN FINCA SITA NO LUGAR DE A PEDREIRA, A BARCA, PADRÓN, FORMULADA POR DONA ANA NOVO PÉREZ. EXPEDIENTE 168/2012.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 12 de setembro de 2012 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7896, solicitude de licenza municipal de obras de conservación de muro en finca sita no lugar de A Pedreira, A

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Barca, formulada por Dª. Ana Novo Pérez. Achégase coa solicitude datos catastrais, recibo de pago do Imposto sobre Bens Inmobles e orzamento das obras, así coma fotografías do muro obxecto de actuación.

**Segundo.** En data 25 de outubro de 2012 remítese requirimento ao interesado de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

**Terceiro.** En data 7 de novembro de 2012 e 12 de marzo de 2013 a solicitante achega documentación adicional para a súa incorporación ao expediente.

**Cuarto.** En data 22 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de autorización sectorial de Augas de Galicia e do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Quinto.** En data 24 de xuño de 2015 remítese oficio ao departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a autorización sectorial preceptiva.

**Sexto.** En mesma data remítese requirimento ao interesado da autorización sectorial do organismo de conca de Augas de Galicia.

**Sétimo.** En data 14 de agosto de 2015 ten entrada no Concello resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural de data 6 de agosto de 2015, favorable ás obras solicitadas.

**Oitavo.** En data 30 de xuño de 2015 a solicitante achega copia de solicitude de autorización a Augas de Galicia.

**Noveno.** En data 20 de marzo de 2017 a solicitante achega resolución da Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 9 de xaneiro de 2017, que autoriza as obras solicitadas.

**Décimo.** En data 30 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Dado o dilatado periodo de tramitación da solicitude, durante a mesma entrou en vigor tanto a nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e o seu regulamento. Debemos ter en conta que a solicitude data de finais do ano 2012, isto é, catro anos antes da derogación da LOUG, e que ten transcorrido sobradamente o prazo que ten a administración para resolver a solicitude de licenza. Polo tanto estimamos axeitado proceder a aplicar ao expediente a normativa en vigor ao tempo da solicitude, xa que a adaptación á nova normativa podería deparar novas dilacións na tramitación dun expediente a todas luces xa excesiva. Polo tanto resultará de aplicación tanto a LOUG coma o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia do ano 1999.

**Segundo.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra coma menor.

**Terceiro.** A parcela obxecto de actuación se sitúa en terreos clasificados polo PXOM coma solo non urbanizable, coa cualificación de SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE RÍOS, REGATOS E ZONAS HÚMIDAS (SF).

Dado que o planeamento municipal non se atopa adaptado á LOUG, resulta de aplicación o réxime transitorio establecido na mesma para municipios con planeamento non adaptado. A disposición transitoria primeira apartado f) da LOUG refire que ao solo non urbanizable dos concellos con planeamento non adaptado se lle aplica íntegramente o disposto para o solo rústico. E dadas as diferentes categorías de solo rústico, se lle aplicaría o disposto para o solo rústico de protección das augas.

Asemade, segundo se refire no informe técnico, o muro se sitúa dento dunha zona de equipamentos coma

espacio líbre e zona verde, clasificado coma paseo fluvial.

Esto implicaría a imposibilidade de construir un muro na ubicación do actual coa normativa determinada polo PXOM. Agora ben, por parte da solicitante se ten achegado copia da licenza outorgada no ano 1974 para a reparación do mesmo muro, que por tanto era anterior a tal data. Na licenza se refire así mesmo a existencia da vivenda emplazada na parcela.

Polo tanto ambas construcións son anteriores á entrada en vigor do planeamento municipal, incluso ao anterior planeamento que data do ano 1977. Para estes casos se prevé na LOUG a situación legal de fóra de ordenación, definida polo artigo 103 da LOUG, referido a aquelas construcións anteriores ao planeamento que resultaren disconformes co mesmo.

O réxime de fóra de ordenación determina que só son autorizables as obras de conservación e mantemento existente. De acordo co exposto no informe técnico municipal, as obras encaixan dentro da devandita categoría.

**Cuarto.** O muro obxecto da intervención se sitúa dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural declarado por Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, polo que en virtude do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, e a anterior lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, precisa autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio histórico, neste caso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Tramitouse a referida autorización sectorial e se conta coa resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural de data 6 de agosto de 2015, favorable ás obras solicitadas, que se asume coma fundamento da presente resolución.

**Quinto.** Asemade, o muro se atopa dentro da zona de policía de leitos da marxe dereita do río Sar definida pola lexislación sobre augas, e en virtude do disposto polo artigo 78 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico e do texto refundido da Lei de Augas aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, precisa autorización do organismo de conca para as obras obxecto do expediente.

Consta no expediente resolución da Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 9 de xaneiro de 2017, que autoriza as obras solicitadas. As obras se someterán en todo caso ao condicionado xeral e particular da devandita resolución.

**Sexto.** Resulta o órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras á Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

**PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a Dª. ANA NOVO PÉREZ licenza municipal de obras de conservación de muro en finca sita no lugar de A Pedreira, A Barca, con referencia catastral 15066A504006670000BL, expediente 168/2012, conforme os datos e orzamentos aportados.

a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.

b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

c) A intervención deberá cumprir co condicionado xeral e particular das seguintes autorizacións sectoriais:

– Resolución da Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 9 de xaneiro de 2017.

– Resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural de data 6 de agosto de 2015

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a)Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE RÍOS, REGATOS E ZONAS HÚMIDAS (SF) coa consideración de solo rústico de protección das augas conforme o réxime transitorio da LOUG.

b)Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Conservación de muro existente.

c)Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

d)Contía na que se orzan as obras: 6.215,34 euros.

e)Situación e emprazamento das obras: Lugar de Pedreira, A Barca, Padrón, con referencia catastral 15066A504006670000BL.

f)Nome ou razón social do promotor: Dª Ana Novo Pérez.

g)Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.

h)Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE RETIRADA DE VARANDA EN BALCÓN E COLOCACIÓN DE FIESTRA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE SITA NA RÚA MOLLET DEL VALLÉS Nº 1, 3ºB, FORMULADA POR DON ROBERTO RIAL FRANCO. EXPEDIENTE 39/2017/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 21 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2423, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de retirada de varanda en balcón e colocación de fiestra en inmoble de uso residencial sito na rúa Mollet del Vallés nº 1, 3º B, con referencia catastral 7914322NH2371N0018GZ, formulada por D. Roberto Rial Franco. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, fotografías e autorización da comunidade de propietarios.

**Segundo.** En data 28 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Terceiro.** En data 30 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de retirada de varanda en balcón e colocación de fiestra en inmoble de uso residencial sito na rúa Mollet del Vallés nº 1, 3º B, con referencia catastral 7914322NH2371N0018GZ. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizaráse nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Segundo.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Retirada de varanda de balcón e colocación de fiestra.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resgardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resgardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME2), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demáis normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Terceiro.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentaráse cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do

Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Cuarto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*"A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Quinto.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Sexto.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

**PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 21 de marzo de 2017, asinada por D. ROBERTO RIAL FRANCO, para obras de retirada de varanda en balcón e colocación de fiestra en inmoble de uso residencial sito na rúa Mollet del Vallés nº 1, 3º B, con referencia catastral 7914322NH2371N0018GZ , expediente 35/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Cuarto.** A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Quinto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Sexto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás

mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPARACIÓN DE TELLADO E LAVADO E PINTADO DE FACHADAS DE VIVENDA SITA NA RÚA HERREROS Nº 3, FORMULADA POR DONA ÁNGELES BARROS GARCÍA. EXPEDIENTE 168/2016/ITP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 28 de setembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8283, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para obras de reparación de tellado e lavado e pintado de vivenda sita na rúa Herreros nº 3, con referencia catastral 7919201NH2371N0001WU. Achégase coa solicitude orzamento, fotografías e plano de situación conforme o PXOM.

**Segundo.** En data 3 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

**Terceiro.** En data 3 de outubro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

**Cuarto.** En data 14 de marzo de 2017 ten entrada no Concello resolución sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.

**Quinto.** En data 16 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2305, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe.

**Sexto.** En data 23 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** En data 30 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.

Este sistema exixe que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exixe contar con informe técnico municipal favorable.

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exixe contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

No caso que nos ocupa, a vivenda obxecto da intervención se sitúa no casco histórico da Vila de Padrón, dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural declarado por Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiagta de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, polo que en virtude do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, precisa autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio histórico, neste caso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta mesma necesidade de autorización sectorial se deriva da incursión do inmoble en zona cualificada coma solo urbano residencial de núcleo antigo (URNA) e incluída dentro do catálogo de protección do casco histórico do PXOM, na ficha número 28. A propia ordenanza URNA refire a obriga de contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura en tanto non se aproba o plan especial do casco histórico, circunstancia que non se ten dado ata a data.

**Segundo.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de reparación de tellado e lavado e pintado de vivenda sita na rúa Herreros nº 3, con referencia catastral 7919201NH2371N0001WU. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan

excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizaráse nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Terceiro.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa solicitude de informe técnico municipal previo. Reparación de tellado (100m2) previa retirada da cubrición existente a base de tella cerámica curva, para a posterior renovación e colocación da mesma. Reparación de claraboias e chapado (impermeabilización) das chemineas. Lavado a presión das fachadas (280 m2), reparación de fendas para posterior aplicación de pintura plástica en cor branca, así coma o remarcado en torno ás fiestras en cor area ou similar.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente resolución sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas. Non son necesarias, vista a conformidade técnica municipal, máis autorizacións ou informes sectoriais para a intervención comunicada.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resgardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resgardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO ANTIGO (URNA), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demáis normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Cuarto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentaráse cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Quinto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*"A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da

intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sexto.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Sétimo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

**PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 16 de marzo de 2017, asinada por Dª ÁNGELES BARROS GARCÍA, para obras de reparación de tellado e lavado e pintado de vivenda sita na rúa Herreros nº 3, con referencia catastral 7919201NH2371N0001WU, expediente 168/2016/ITP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Cuarto.** A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Quinto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Sexto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE LAVADO E PINTADO DE FACHADAS DE INMOBLE SITO NA AVENIDA DE PONTECESURES Nº 20, FORMULADA POR DON ABEL SÓÑORA REY. EXPEDIENTE 35/2017/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 13 de febreiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2164, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de lavado e pintado de fachadas de inmoble sito na avenida de Pontecesures nº 20, con referencia catastral 8014204NH2381S0002ZB, formulada por D. Abel Soñora Rey. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, e fotografías.

**Segundo.** En data 28 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Terceiro.** En data 29 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de lavado e pintado de fachadas de inmoble sito na avenida de Pontecesures nº 20, con referencia catastral

8014204NH2381S0002ZB. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizaráse nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Traballos de mantemento en fachadas, consistintes en aplicación de hipoclorito sódico (cloro), lavado con máquida de auga a presión, colocación de fibra de vidro en fendas, pasteado, acabado fratasado, imprimación e pintado en cor crema (320,00 m2) en edificación existinte.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resgardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resgardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL E, TERCIARIO EN EDIFICACIÓN ABERTA (URTA), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demáis normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentaráse cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*"A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar*

*co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

**PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 13 de febreiro de 2017, asinada por D. ABEL SOÑORA REY, para obras de de lavado e pintado de fachadas de inmoble sito na avenida de Pontecesures nº 20, con referencia catastral 8014204NH2381S0002ZB, expediente 35/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Cuarto.** A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito

ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Quinto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Sexto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REVESTIMENTO CON CHAPA DE ALUMINIO DE FACHADA FRONTAL DE EDIFICIO SITO NA RÚA CAMPO DA FEIRA Nº 3, FORMULADA POR DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ ÁLVAREZ EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE. EXPEDIENTE 30/2017/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 17 de febreiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1384, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de revestimento con chapa de aluminio de fachda frontal de edificio sito na rúa Campo da Feira nº 3, con referencia catastral 7914308NH2371N0007RD, formulada por D. Jose Manuel López

Álvarez en representación da Comunidade de Propietarios do inmoble. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, memoria técnica da actuación e acreditación da representación do asinante, así coma copia do acordo da Comunidade para acometer as obras.

**Segundo.** En data 28 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Terceiro.** En data 29 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de revestimento con chapa de aluminio de fachada frontal de edificio sito na rúa Campo da Feira nº 3acondicionamento de local comercial sito na rúa Campo da Feira nº 3, con referencia catastral 7914308NH2371N0007RD. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizaráse nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Revestimento da fachada frontal do edificio existente de dimensións conforme a descrición de 5,810 metros de ancho e 12,41 metros de altura, o que computa unha superficie de 71,98 m2. O revestimento previsto realizaráse mediante a colocación de paneis de chapa de aluminio composite en cor gris (segundo descrición técnica) sobre una sub-estrutura de aluminio ancorada á fachada que se pretende revestir.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resgardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resgardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demáis normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentaráse cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa

efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*"A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

**PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 17 de febreiro de 2017, asinada por D. Jose Manuel López Álvarez en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CAMPO DA FEIRA Nº 3, para obras de revestimento con chapa de aluminio de fachda frontal de edificio sito na rúa Campo da Feira nº 3, con referencia catastral

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

7914308NH2371N0007RD, expediente 30/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Cuarto.** A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Quinto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Sexto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente someteo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**8.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE DIFICIO SITO NA RÚA CASTELAO Nº 17, FORMULADA POR DON LUÍS REY CORTIÑAS Y JOSÉ REY CORTIÑAS. EXPEDIENTE 28/2008.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 31 de xaneiro de 2008 ten entrada no Concello, con número de rexistro 686, solicitude de licenza municipal de obra maior para a rehabilitación e ampliación dun edificio existente sito na rúa Castelao nº 17, Padrón, formulada por D. Luis e D. José Rey Cortiñas Achéganse coa solicitude duas copias de proxecto básico e de execución redactado e asinado polo arquitecto D. Javier Fernández Echeverría de data decembro de 2007.

**Segundo.** En data 7 de abril de 2008 remítese oficio á delegación provincial da Consellería de Cultura e Deporte aos efectos de emisión de informe sectorial.

**Terceiro.** En data 18 de xuño de 2008 ten entrada no Concello oficio da comisión territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña que denega a avaliación do expediente por non contar con informe técnico municipal favorable.

**Cuarto.** En data 23 de xuño de 2008 remítese requirimento ao interesado de emendas na documentación achegada coa solicitude aos efectos de poder continuar coa tramitación do expediente.

**Quinto.** En data 4 de outubro de 2008 a arquitecta municipal Dª Teresa Banet emite informe favorable ao proxecto presentado.

**Sexto.** En data 5 de novembro de 2008 remítese o informe técnico á delegación provincial da Consellería de Cultura e Deporte.

**Sétimo.** En data 4 de febreiro de 2009 ten entrada no Concello, con número de rexistro 818, resolución da Delegada Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Coruña de data 27 de xaneiro que resolve non autorizar as obras solicitadas.

**Oitavo.** En data 6 de febreiro de 2009 remítese ao interesado copia da resolución da Delegada Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Coruña.

**Noveno.** En data 10 de marzo de 2010 o arquitecto redactor do proxecto achega "reformado de proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio de 2 viviendas y local comercial"

**Décimo.** En data 12 de marzo de 2010 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, Sección de Patrimonio, aos efectos de emisión de novo informe.

**Décimo primeiro.** En data 16 de abril de 2010 ten entrada no Concello requirimento do Servizo de Patrimonio Cultural que comunica o acordo de data 7 de abril de 2010 da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de A Coruña no senso de requirir novamente a documentación referida na resolución de data 27 de xaneiro de 2010, así coma anticipar a necesidade de aportación dun proxecto de control arqueolóxico para a súa autorización.

**Décimo segundo.** En data 19 de abril de 2010 remítese ao interesado copia do requirimento do Servizo de Patrimonio Cultural.

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

**Décimo terceiro.** En data 24 de xuño de 2010 achégase documentación adicional polo interesado.

**Décimo cuarto.** En data 24 de febreiro de 2011 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, Sección de Patrimonio acompañando a documentación achegada polo interesado.

**Décimo quinto.** En data 19 de abril de 2011 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3315, notificación do acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de A Coruña reiterando o requirimento de documentación xa efectuado.

**Décimo sexto.** En data 21 de setembro de 2011 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7811, escrito dos interesados no que solicitan axilizar o proceso de outorgamento de licenza.

**Décimo sétimo.** En data 12 de xaneiro de 2012 ten entrada no Concello, con número de rexistro 259, escrito dos interesados achegando documentación adicional e solicitando a súa remisión ao Servizo de Patrimonio Cultural.

**Décimo oitavo.** En data 29 de xaneiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 794, escrito formulado por Dª Marta Sánchez Seivane solicitando a reanudación da tramitación do expediente, solicitando información sobre o punto en que se atopa a tramitación.

**Décimo noveno.** En data 3 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 931, escrito do interesado D. José Rey Cortiñas autorizando a Dª. Marta Sánchez Seivane coma interesada no expediente.

**Vixésimo.** En data 5 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1040, escrito do interesado D. José Rey Cortiñas comunicando un novo domicilio a efectos de notificacións.

**Vixésimo primeiro.** En data 2 de decembro de 2016 o arquitecto técnico municipal Jesús Baliña de Jesús informa o expediente en senso desfavorable requirindo documentación adicional para a tramitación da solicitude.

**Vixésimo segundo.** En data 15 de decembro de 2016 remítese requirimento aos interesados de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude, apercibindo da caducidade do expediente de non se atender ao requirimento no prazo indicado.

**Vixésimo terceiro.** En data 31 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe xurídico recomendando a declaración de caducidade.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Tendo en conta o exposto no informe técnico municipal de data 15 de decembro de 2016, e o informe xurídico de data 31 de marzo de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

> ***Primeiro.*** *O presente expediente foi iniciado no ano 2008 coa finalidade de obter licenza municipal de obras para a rehabilitación dun inmoble sito na rúa Castelao, no casco antigo da Vila de Padrón.*
>
> *A tramitación do expediente se veu interrompida en diversas ocasións ao longo dos derradeiros nove anos, tendo sido informado en senso desfavorable ata en tres ocasións distintas polo Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Este informe desfavorable se acompañaba do requirimento de documentación adicional, concretamente unha reportaxe fotográfica que permitise apreciar unha serie de elementos que o Servizo de Patrimonio consideraba necesario preservar.*

*Segundo se refire no informe técnico municipal, así coma nas anteriores contestacións do Servizo de Patrimonio, a documentación achegada polos solicitantes foi unha simple reiteración ou repetición da que fora informada desfavorablemente, polo que o expediente non avanzou.*

*Durante este tempo, o inmoble que xa arrastraba un considerable estado de deterioro veu empeorada a súa condición, constituíndo un perigo por desprendemento de elementos da fachada á vía pública. Por este motivo polo servizo de rehabilitación do Concello se emitiu informe sobre o deficiente estado de conservación que determinou que no ano 2016 se emitise unha orde de execución para a posta do inmoble nas debidas condicións de ornato e conservación.*

*De resultas de esta orde de execución polos promotores do expediente se levaron a cabo certas accións preventivas reducidas na súa finalidade a evitar desprendementos sobre a rúa. Debido asemade ao deficiente estado do inmoble e á orde de execución, se reanuda a tramitación coa emisión do informe técnico de data 2 de decembro de 2016, no que se volve a reiterar a necesidade de aportación de documentación adicional, apercibindo da declaración de caducidade do expediente.*

***Segundo.*** *De acordo co disposto polo artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, refire:*

> *"Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración lle advertirá que, transcorridos tres meses, se producirá a caducidade do procedemento. Consumido este prazo sen que o particular requirido realice as actividades necesarias para reanudar a tramitación, a Administración acordará o arquivo das actuacións, notificándollelo ao interesado. Contra a resolución que declare a caducidade procederán os recursos pertinentes"*

*No requirimento efectuado ao interesado en data 15 de decembro de 2016, se lle apercibe claramente de que se non achega a documentación no prazo referido, de dez días, no prazo de tres meses se declarará a caducidade do procedemento. Polo tanto, dada a inactividade dos interesados, entendemos procede a declaración de caducidade.*

***Terceiro.*** *No presente caso existen máis circunstancias que aconsellan a declaración de caducidade. Por unha banda, o deficiente estado do inmoble aconsella que se adoiten medidas con urxencia, co cal non se pode agardar indefinidamente a que os promotores decidan reanudar a tramitación do expediente. Debemos ter en conta así mesmo que foron requiridos ata en tres ocasións para levar a cabo as modificacións que permitisen a conclusión do expediente, sen éxito.*

*Deste xeito, unha vez concluso o expediente deberá ditarse unha orde de execución para a rehabilitación do inmoble.*

*A maiores, debemos considerar que durante o tempo de tramitación do expediente, a normativa urbanística de aplicación foi obxecto de modificacións. Así, pese a que o PXOM do Concello de Padrón permanece coa mesma redacción, a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia foi derogada pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Entrou en vigor así mesmo o Regulamento da Lei do Solo. Asemade, o código técnico da edificación e outra normativa de aplicación evolucionou durante os nove anos de tramitación do expediente, polo que calquera emenda da documentación técnica vai exixir unha adaptación que aconsella iniciar un novo expediente.*

**Segundo.** O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar a caducidade do expediente de solicitude de licenza municipal de obras para rehabilitación de inmoble sito na rúa Castelao nº 17, formulada por D. José Rey Cortiñas e D. Luis Rey Cortiñas, expediente 28/2008.

**Segundo.** Dar traslado ao servizo de urbanismo aos efectos de proceder ao arquivo do expediente e a adopción das medidas que procedan respecto ao estado de deterioro do inmoble.

**Terceiro.** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o mesmo poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao vencemento do prazo de alegacións, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**9.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE INSTALACIÓN DE ASCENSOR COMO MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA AVENIDA DE COMPOSTELA Nº 14, FORMULADA POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BANESTO Nº 14. EXPEDIENTE 182/2016/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

<<**ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**Primeiro.** En data 19 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8844, solicitude de licenza municipal de obras de instalación de ascensor como mellora da accesibilidade en edificio de vivendas sito na avenida de Compostela nº 14, con referencia catastral 8020307NH2372S, formulada por D. José Costa Cardama en representación da Comunidade de Propietarios Edificio Banesto nº 14. Achéganse coa solicitude dúas copias de "Proyecto básico y de ejecución de ascensor como mejora de la accesibilidad en edificio de viviendas" redactado e asinado polo arquitecto D. Juan Carlos Ares Méndez e visado polo COAG en data 10 de outubro de 2016.

**Segundo.** En data 21 de decembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia, así coma a aportación de documentación adicional para a tramitación do expediente.

**Terceiro.** En data 23 de decembro de 2016 remítese oficio ao departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, aos efectos de tramitar a autorización sectorial de aplicación.

**Cuarto.** En data 13 de marzo de 2017 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 6 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas con cumprimento de determinadas condicións.

**Quinto.** En data 17 de marzo de 2017 ten entrada no Concello con número de rexistro 2333, documentación adicional achegada polo solicitante para a súa incorporación ao expediente.

**Sexto.** En data 17 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

**Sexto.** En data 3 de abril de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Tendo en conta o exposto nos informes técnicos municipais de datas 21 de decembro de 2016 e 17 de marzo de 2017, e o informe xurídico de data 3 de abril de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

> ***Primeiro.*** *Trátase dunha solicitude de licenza de obras para a instalación dun ascensor nun edificio residencial.*
>
> *A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en adiante LSG) recolle a dualidade de títulos habilitantes municipais de natureza urbanística para autorizar a execución de obras que foi introducida pola lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Esta dualidade se refire ás obras autorizables mediante o sistema de licenza municipal previa e as intervencións sometidas ao réxime de comunicación previa de obras.*
>
> *De acordo co disposto polo artigo 142.2 da LSG, estarán sometidos a licenza municipal previa:*
>
> > *a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.*
>
> *Conforme se expón no informe técnico municipal de data 21 de decembro de 2016, trátase dunha actuación que pode afectar ás condicións de seguridade do inmoble ao incidir sobre a estrutura do mesmo, polo que en aplicación do disposto polos artigos 2.2. apartado b) e 3.1 apartado b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), precisa de proxecto técnico. Isto implica que o expediente deba tramitarse coma licenza municipal previa de obras.*
>
> ***Segundo.*** *O inmoble se sitúa nunha zona clasificada coma solo urbano polo planeamento, coa cualificación de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO ANTIGO (URNA).*
>
> *O actual PXOM do Concello de Padrón, que data do ano 1994, non foi adaptado nin á Lei 9/2002 (LOUG) nin á actual LSG. Isto fai que lle resulte de aplicación o réxime transitorio establecido pola LSG, concretamente a disposición transitoria primeira, que no seu punto 2, apartado a) refire:*
>
> > *2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*
> >
> > *a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.*
>
> *Polo tanto, debemos aplicar o disposto na LSG respecto ao solo urbano consolidado, completando a regulación co disposto pola ordenanza concreta do PXOM que define con maior concreción os usos autorizables e as condicións de edificación para o seu ámbito.*
>
> *En todo caso, coma se refire así mesmo no informe técnico municipal, as obras solicitadas, que*

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

*supoñen a adaptación dos espazos libres do inmoble para a implantación dun ascensor, constitúen polo tanto unhas obras complementarias para o uso residencial do inmoble, uso autorizable conforme a ordenanza de aplicación e o réxime do solo urbano consolidado de aplicación segundo a LSG.*

*As obras resultan polo tanto compatibles coa normativa urbanística de aplicación.*

***Terceiro.** En canto ás autorizacións sectoriais necesarias para a intervención, a ubicación do inmoble sitúase dentro do contorno dun Ben de Interese Cultural, definido polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón.*

*Así mesmo, o inmoble se atopa incluído dentro do catálogo do casco histórico do PXOM, na ficha individualizada 26 coma inmoble 26.17, cun nivel de protección 1 (determinante-ambiental).*

*Polo tanto ao nos atopar perante un inmoble catalogado e situado no ámbito dun Ben de Interese Cultural, en aplicación do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a intervención precisa de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural. Esta necesidade de autorización sectorial é así mesmo recollida pola propia ordenanza URNA mentres non se aproba o plan especial para o ámbito do casco histórico previsto polo PXOM, feito que non se ten dado na actualidade.*

*No presente caso cóntase coa referida autorización a medio de resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 6 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas con cumprimento de determinadas condicións, condicións que non son de orde construtivo senón que se refiren á aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que obriga a que tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegaráse a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada por profesional cualificado que documente axeitadamente todo o proceso levado a cabo, que inclúa un estudo comparativo do estado inicial e final. Polo tanto, e dado que a condición imposta non implica ningunha alteración ou modificación da documentación presentada, procede transcribir a mesma no acordo polo que, no seu caso, se outorgue a licenza solicitada.*

***Cuarto.** Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención solicitada, visto o informe técnico municipal.*

**Segundo.** O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BANESTO Nº 14 licenza municipal de obras de instalación de ascensor como mellora da accesibilidade en edificio de vivendas sito na avenida de Compostela nº 14, con referencia catastral 8020307NH2372S, conforme o "Proyecto básico y de ejecución de ascensor como mejora de la accesibilidad en edificio de viviendas" redactado e asinado polo arquitecto D. Juan Carlos Ares Méndez e visado polo COAG en data 10 de outubro de 2016, expediente 182/2016/LU.

a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.

b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico

da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** Unha vez concluídas as obras deberá achegar a documentación referida na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 6 de marzo de 2017:

*"Tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegaráse a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada por profesional cualificado que documente axeitadamente todo o proceso levado a cabo, que inclúa un estudo comparativo do estado inicial e final"*

**Terceiro.** En base ao artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo establecese o contido mínimo do acto polo que se conceda a licenza, que, de acordo ao informe técnico e ao disposto no artigo 145.1 da LSG en relación aos prazos de caducidade das licenzas de obras, para a presente solicitude será:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL EN NÚCLEO ANTIGO (URNA)
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma para instalación de ascensor coma mellora da accesibilidade en edificio de vivendas.
3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
4. Orzamento de execución material: 62.124,68 euros.
5. Situación e localización das obras: Edificio Banesto, avenida de Compostela nº 14. Referencia catastral: 8020307NH2372S.
6. Nome ou razón social da persoa promotora: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BANESTO Nº 14.
7. Técnico autor do proxecto: D. Juan Carlos Ares Méndez, arquitecto.
8. Técnico director das obras: D. Juan Carlos Ares Méndez, arquitecto.
9. Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia e o 359 do Regulamento da Lei do solo. Os citados prazos son prorrogables previa petición expresa formulada perante o Concello antes da conclusión do prazo inicialmente conferido.

**Cuarto.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Quinto.** Conforme ao disposto polo artigo 357.6 do Regulamento da Lei do Solo, resulta indispensable dispor xunto á obra de copia autorizada da licenza municipal, e ao se tratar dunha obra maior resulta obrigatorio a colocación dun cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**Sexto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

**Oitavo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Noveno.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

## 10.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 9 SITUADA EN RÚA REAL (EDIFICIO CAMELIAS), INSTADA POR JOSÉ MANUEL LORENZO IRAGO. EXPTE. 35/2017-AZP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de marzo de 2017:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 17 de xaneiro do 2017, co número de rexistro de entrada 430, don José Manuel Lorenzo Irago presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 9 situada na rúa Real (edifidio Camelias), incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permiso de circulación do vehículo con matrícula 6863-DGD e recibo acreditativo do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2016.

Segundo. O 1 de febreiro de 2017 faise requirimento a don José Manuel Lorenzo Irago para que complete a documentación presentada, sendo aportada o 1 de febreiro de 2017, con número de rexistro de entrada 875.

Terceiro. O 14 de febreiro de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 22 de febreiro emítese. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 54 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por rúa Real (Norte).
- Saída: por rúa Real (Sur).

Terceiro. O 13 de marzo do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que o solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva por multas de tráfico impostas polo Concello de Padrón.

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común

das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

**Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Conceder a don José Manuel Lorenzo Irago a Tarxeta número 46/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 9 situada na rúa Real (edificio Camelias), co vehículo matrícula 6863-DGD, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por rúa Real (Norte).
- Saída: por rúa Real (Sur).

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.
